

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 20 de marzo de 2018, acordou por asentimento a modificación do calendario académico para o curso 2018-2019 nos seguintes termos:

"No calendario académico do curso 2018/2019, aprobado polo Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 5 de marzo de 2018, establécese no **SEGUNDO PERÍODO**, como **PERÍODO DE APERTURA DE ACTAS** : dende o día 15 de maio de 2019 ata o 17 de xuño de 2019.

No punto 2. **PERÍODO PARA A CELEBRACIÓN DOS EXAMES**, establécese como último día para a publicación da lista de cualificacións provisionais: " b) Na primeira oportunidade do segundo semestre o **14 de xuño de 2019**".

Coas datas aprobadas non se cumpre o prazo mínimo de tres días hábiles para a revisión das cualificacións provisionais, establecido no artigo 8.2 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

En consecuencia, propónse a corrección do **PERÍODO DE APERTURA DE ACTAS**, do **SEGUNDO PERÍODO**, establecéndoo dende o 15 de maio de 2019 ata o 20 de xuño de 2019".


E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a 22 de marzo de 2018, co Vº e Prace do sr. reitor.

Vº e prace

O reitor

  
Juan M. Viaño Rey





## CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2018-2019

(Aprobado polo Consello de Goberno o día 5 de marzo de 2018 e modificado polo mesmo órgano o día 20 de marzo de 2018)

### 1. DISPOSICIÓN XERAIS

O curso académico 2018-2019 organizarase en dous períodos académicos, e abarcará dende o día 1 de setembro de 2018 ao 31 de agosto de 2019, agás os días marcados como festivos ou non lectivos neste calendario.

O calendario será único para os estudos adaptados ao EEES.

**O primeiro período** para impartición de docencia iniciarase o día 10 de setembro de 2018 e rematará o 14 de decembro de 2018. Os másteres oficiais poderán retrasar o comezo do curso ata o 24 de setembro.

**O segundo período** para impartición de docencia iniciarase o día 29 de xaneiro de 2019 e rematará o día 14 de maio de 2019.

Con independencia da data de defensa, a entrega dos TFG/TFM para defender no mes de setembro farase tendo como data límite o 31 de xullo de 2019.

En consecuencia, o calendario de docencia, período de cualificacións e entrega de actas será o seguinte:

#### PRIMEIRO PERÍODO

|                                     | INICIO     | FIN        |
|-------------------------------------|------------|------------|
| PERIODO LECTIVO                     | 10/09/2018 | 14/12/2018 |
| <b>PERÍODO DE APERTURA DE ACTAS</b> | 17/12/2018 | 31/01/2019 |

|                                     |            |            |
|-------------------------------------|------------|------------|
| DEFENSA TFM/TFG                     | 31/01/2019 | 22/02/2019 |
| <b>PERÍODO DE APERTURA DE ACTAS</b> | 31/01/2019 | 12/03/2019 |

## SEGUNDO PERÍODO

|                                     | INICIO     | FIN        |
|-------------------------------------|------------|------------|
| PERIODO LECTIVO                     | 29/01/2019 | 14/05/2019 |
| <b>PERÍODO DE APERTURA DE ACTAS</b> | 15/05/2019 | 20/06/2019 |

|                                     |            |            |
|-------------------------------------|------------|------------|
| DEFENSA TFM/TFG                     | 21/06/2019 | 19/07/2019 |
| <b>PERÍODO DE APERTURA DE ACTAS</b> | 21/06/2019 | 23/07/2019 |

|  |            |            |
|--|------------|------------|
| <b>PERÍODO DE APERTURA DE ACTAS<br/>SEGUNDA OPORTUNIDADE<br/>DO PRIMEIRO E DO SEGUNDO<br/>SEMESTRE</b> | 18/06/2019 | 23/07/2019 |
|--|------------|------------|

|   |            |            |
|---|------------|------------|
| DEFENSA TFM/TFG (SETEMBRO)                      | 04/09/2019 | 18/09/2019 |
| <b>PERÍODO DE APERTURA DE<br/>ACTAS TFM/TFG</b> | 05/09/2019 | 27/09/2019 |

## 2. PERÍODO DE CELEBRACIÓN DOS EXAMES

Cada centro, en función das súas características e/ou circunstancias, fixará o período de exames de cada oportunidade dentro do período de apertura das actas, debéndose respectar, en todo caso, o prazo de revisión das cualificacións provisionais.

Consonte o artigo 8.2 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* (aprobada no Pleno do Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011 e modificada no Pleno do 5 abril de 2017), “as datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados” e o prazo para a revisión das cualificacións provisionais “non poderá ser inferior a tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da data de publicación da lista”, de xeito que o último día para a publicación de dita lista será:

- a) Na primeira oportunidade do primeiro semestre o **25 de xaneiro de 2019**.

- b) Na primeira oportunidade do segundo semestre o **14 de xuño de 2019**.
- c) Na segunda oportunidade do primeiro e do segundo semestre o **19 de xullo de 2019**.

### **3.- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE FIN DE CARREIRA PARA GRAOS E MÁSTERES**

As datas de realización dos exames da convocatoria extraordinaria de fin de carreira para as titulacións de Grao e Máster, así como a data límite de sinatura das actas, coincidirán coas previstas para a realización de exames e para a sinatura das actas do primeiro semestre.

### **4.- ACTAS CONSOLIDADAS**

O período de actas consolidadas comeza o 27 de setembro de 2019 e remata o 10 de outubro do 2019.

### **5.- PERÍODOS NON LECTIVOS**

Os períodos de interrupción da actividade académica serán: a) dende o sábado 22 de decembro de 2018 ata o 7 de xaneiro de 2019 (ambos os dous incluídos); b) o luns e martes de Carnaval (4 e 5 de marzo de 2019); e c) a Semana Santa, dende o 15 de abril ao 19 de abril de 2019 (ambos os dous incluídos).

Terá carácter festivo e, polo tanto, non lectivo, o luns 28 de xaneiro de 2019, día da festividade de Santo Tomé de Aquino, ademais dos días declarados festivos polo Estado, a Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os correspondentes as festas locais.

É período non lectivo, a todos os efectos, todo o mes de agosto.

En cada centro, terá carácter non lectivo o día de celebración da súa festividade. A estes efectos, son festividade dos centros as seguintes:

- 4 de outubro (S. Francisco de Asís). Facultade de Veterinaria
- 18 de outubro (S. Lucas). Facultade de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Medicina)
- 15 de novembro (S. Alberte Magno). Facultade de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química e Ciencias
- 27 de novembro (S. Xosé de Calasanz). Facultade de Formación do Profesorado
- 8 de decembro (Inmaculada). Facultade de Farmacia
- 13 de decembro (Sta. Otilia). Facultade de Óptica e Optometría
- 23 de xaneiro (S. Raimundo de Peñafort). Facultade de Dereito
- 9 de febreiro (Sta. Apolonia). Facultade de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Odontoloxía)
- 24 de febreiro (Xoán Huarte de S. Xoán). Facultade de Psicoloxía
- 8 de marzo (S. Xoán de Deus). Facultade de Enfermería

- 9 de marzo (natalicio do Padre Sarmiento). Facultade de CC. da Educación
- 19 de marzo (San José). Facultade de Ciencias Políticas e Sociais.
- 5 de abril (S. Vicente Ferrer). Facultade de CC. Económicas e Empresariais e Fac. de Administración e Dirección de Empresas
- 15 de abril (natalicio de Leonardo da Vinci). Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- 22 de abril (Día da Terra). Escola Politécnica Superior
- 26 de abril (S. Isidoro de Sevilla). Facultades de Filoloxía, Filosofía, Humanidades e Xeografía e Historia.
- 1 de maio (Día do Traballo). Facultade de Relacións Laborais
- 3 de maio (Día da Liberdade de Expresión). Facultade de Ciencias da Comunicación

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, se ditas festividades coinciden en martes ou xoves, celebraranse o luns ou venres máis próximos, e se cadraran en mércores trasladaranse ao venres. As que coincidan en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

## **6.- ADAPTACIÓN DEL CALENDARIO**

Cada centro, en función das súas características e/ou circunstancias, poderá facer unha adaptación deste calendario que, en todo caso, terá que ser previamente autorizada pola Secretaría Xeral da Universidade e deberá facerse pública.